



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo Fin de Máster

Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	P02M081V01208			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	10	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Iglesias Sarmiento, Valentín			
Profesorado	Conde Rodríguez, María Ángeles Deaño Deaño, Manuel Dosil Díaz, Joaquín Iglesias Sarmiento, Valentín Martínez Figueira, María Esther Soto Carballo, Jorge Genaro			
Correo-e	visarmiento@uvigo.es			
Web	http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	O Trabalho Fin de Máster é un traballo tutelado que se realizará durante o segundo cuadrimestre e ten como obxectivo a aplicación dos coñecementos adquiridos neste Máster para a elaboración e deseño dun proxecto no contexto das prácticas externas.			

A este traballo correspóndelle un total de 10 créditos e para superalo é necesario a elaboración dunha memoria e a súa defensa pública.

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicológicos, das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento, a través de respostas axustadas de tipo organizativo, curricular e social dos centros educativos e os servizos de apoio, incluíndo a actividade física para poboacións especiais.
B2	Ser capaz de sintetizar e integrar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención para aplicalos en contextos sociais e de aprendizaxe do estudante, conforme ás necesidades de apoio das persoas con necesidades específicas así como a promoción da actividade física tendo en conta a poboacións especiais, fomentado melloras na súa saúde e calidade de vida, desde a intervención para a atención á diversidade sen diferenciar en canto a xénero, oportunidades e accesibilidade para todos

- B3 Desenvolver e saber comunicar adecuadamente o resultado dos seus programas de asesoramento e de intervención educativa coas familias de persoas con dificultades de aprendizaxe e desenvolvemento, fomentado a participación como unha metodoloxía para a integración, e estimulando a realización de proxectos que, tendo en conta os valores democráticos da sociedade europea actual, inclúan as TIC, o deporte adaptado e a actividade física para persoas con distintas capacidades.
- B4 Saber xeneralizar a distintas contextos e situacións o coñecemento e as destrezas adquiridas e continuar estudando en gran medida de modo autónomo como procura de solucións e alternativas ás cuestións suscitadas, axustando as habilidades pertinentes de aprendizaxe autodirixido, incluíndo reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas que supón a atención á diversidade.
- C1 Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo) delimitando os ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
- C2 Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.
- C3 Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse coas súas necesidades educativas especiais.
- C4 Xerar destrezas para aprender a deseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado ou paralímpico e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
- C6 Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aplicar os coñecementos adquiridos na elaboración e deseño dun programa aplicado en Psicoloxía da Educación	A1 A2 A3 A4 A5 B2 C1 C4
Adquirir habilidades para obter e analizar críticamente a información científica e construír un marco teórico que sustente conceptualmente un programa de intervención	A1 A2 A3 B2 C2 C3 C6
Ser capaz de planificar, deseñar e levar a cabo unha intervención educativa no campo profesional	A1 A2 A3 A5 B1 B2 B4 C1 C2 C3 C4
Comunicar de forma científica os resultados do traballo profesional	A4 B2 C1
Preparar o informe final para a súa comunicación e publicación	A1 A2 A3 A4 A5 B3 C1

Contidos

Tema

Planificación, deseño e desenvolvemento dun programa de intervención ou proxecto sobre algunha temática de interese no ámbito das necesidades de apoio educativo	Deseño do ensino (programación, secuencias didácticas, adaptacións curriculares) Estrutura e elementos das tarefas e proxectos Fases no deseño de programas Implementación do deseño Integración da metodoloxía de avaliación das competencias básicas Propostas prácticas para avaliar competencias Avaliación de programas de intervención Elaboración do informe
Elaboración dunha memoria de proxecto de fin de máster.	Pautas para a elaboración e defensa dos informes de proxectos. Escritura e comunicación en contextos académicos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	5	0	5
Presentacións/exposicións	1	0	1
Traballos tutelados	0	180	180
Obradoiros	35	29	64

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación e orientacións do traballo fin de máster, directrices a seguir, criterios de avaliación, presentación e defensa.
Presentacións/exposicións	Exposición e defensa ante un tribunal da intervención realizada polo estudante.
Traballos tutelados	Revisión bibliográfica, elaboración e desenvolvemento dun proxecto por parte do alumnado tutorizado polo profesorado do mestrado.
Obradoiros	Talleres para a adquisición de coñecementos e habilidades instrumentais sobre metodoloxías e programas de intervención. Actividades enfocadas a adquisición de habilidades sobre escritura académica e presentacións orais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiros	Orientación ao estudante na metodoloxía, elaboración, escrita e presentación do TFM
Traballos tutelados	Supervisión e orientación ao estudante na temática, metodoloxía, elaboración e calquera outro aspecto académico ata presentación e defensa do TFM.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentacións/exposicións	Presentación e defensa pública ante un tribunal formado por profesores e profesoras do Máster. Valórase a presentación final e a exposición e defensa oral.	70	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C4 C6
Traballos tutelados	Seguimento e avaliación por parte do titor/a do traballo realizado polo estudante ata a elaboración da memoria final	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C4 C6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles estudantes que non superen o traballo fin de máster na avaliación do segundo cuadrimestre poderán presentarse á segunda convocatoria no mes de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

AA.VV (2007). *Las competencias básicas y el currículo: orientaciones generales*, Cuadernos de Educación 2, Consejería de Educación de Cantabria.

AA.VV (2008). *Hacia un enfoque de la educación EN COMPETENCIAS*. Consejería de Educación y Ciencia de Asturias.

COLOMA . A., M.I.. JIMÉNEZ. M.L SÁEZ (2008). *Metodologías para desarrollar competencias y atender a la diversidad guía para el cambio metodológico y ejemplos desde infantil hasta la universidad*. PPC

CABRERIZO, J., RUBIO, M. J. y CASTILLO, S. (2007): *Programación por competencias. Formación y práctica*. Madrid. Pearson

CABRERIZO, J. y RUBIO, M. J. (2007): *Atención a la diversidad. Teoría Práctica*. Madrid. Pearson

CASTILLO, S. y CABRERIZO, J. (2010): *Evaluación educativa de aprendizajes y competencias*. Madrid. Pearson

PELLICER C.y ORTEGA C. (2009) *La evaluación de las competencias básicas propuestas para evaluar el aprendizaje*. PPC

VILA A. y POBLETE. M. (2007) (Dir.). *Aprendizaje basado en competencias. Una propuesta para la evaluación de las competencias genéricas*. Bilbao: Mensajero/ICE de la Universidad de Deusto

ZABALA, A. y ARNAU, L. (2007). *Cómo aprender y enseñar competencias*. Colección Ideas Claves. Graó. Barcelona

Los recursos bibliográficos estarán relacionados con las actividades específicas que los estudiantes realicen

Recomendaciones

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Prácticas Externas II/P02M081V01210

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Prácticas Externas I/P02M081V01209

Otros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes

- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.
